

Expediente: CON2023000004
Referencia interna: 2023/00004044R -

Servizo de redacción do Proxecto Básico e de Execución e Dirección de Obra para a adecuación do Pazo de Raxoi, sede do Concello de Santiago de Compostela, para a realización de visitas turísticas de carácter histórico, arquitectónico e artístico

Tipo de contrato: Servizos Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 5

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 289.389,24 euros máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia
Data: 15-06-2023 Hora: 9:00

ASISTENTES

Presidencia: Gonzalo Muiños Sánchez, concelleiro de obras

Vogais

- Berta Rosón López, en representación da Intervención municipal
- Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica
- Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de Proxectos e Obras
- Diego Briega Argomaz, arquitecto municipal en calidade de asesor

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

A Mesa de Contratación reúne para analizar a documentación requirida á **UTE RVR EZCURRA OUZANDE** de acreditación da solvencia técnica e económica, do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Xunta e coas obrigas da Seguridade Social e dos demais requisitos exixidos no PCAP así coma do aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

A mesa debe analizar, tamén, o informe do arquitecto municipal do Servizo de Obras e Proxectos sobre o cumprimento da UTE da solvencia técnica e dos requisitos de formación e experiencia do persoal que adscribe ao contrato consonte o que lle foi solicitado na sesión anterior da mesa ao Servizo de Obras e Proxectos.

En primeiro lugar, o arquitecto explícalles aos membros da mesa o informe realizado o día 12/06/2023.

A continuación, a mesa comproba se a documentación achegada cumpre os requisitos exixidos no PCAP e constata que a empresa REDONDO VALLADARES Y RODRIGUEZ cumpre cos requisitos pero que EZCURRA OUZANDE debe emendar a súa documentación, de acordo coa cláusula 23.1 do prego de cláusulas administrativas, coa presentación de:

A escritura de constitución e de modificación, se for o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se for o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.

Deberá presentar de non deducirse das escrituras anteriores a escritura de poder outorgada ao seu favor dos asinantes da proposición así coma o DNI, ou documento que o substitúa regulamentariamente.

Acordos da mesa:

1.- Aceptar o informe de valoración da solvencia técnica e do cumprimento dos requisitos do persoal adscrito ao contrato realizado polo arquitecto municipal o 12/06/2023.

2.- Requirirle a EZCURRA OUZANDE que emende a documentación achegada coa presentación de:

A escritura de constitución e de modificación, se for o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se for o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.

Deberá presentar, ademais, de non deducirse das escrituras anteriores a escritura de poder outorgada ao seu favor dos asinantes da proposición así coma o DNI, ou documento que o substitúa regulamentariamente.

Levántase a sesión ás 09.28 horas

Vº e prace
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe